

A España isabelina.

- 1- Carlistas e liberais.
- 2- A construción do Estado liberal.
Características.
- 3- Evolución constitucional e política.

1-Carlistas e liberais.

- Carlistas:
 - Partidarios de Carlos María Isidro de Borbón.
 - Defensores dos fueros e dereitos tradicionais fronte á uniformización liberal
 - Partidarios dos estamentos tradicionais.
 - Supremacía da Igrexa sobre a sociedade civil.
- Respaldo: onde o espírito foral estaba máis vivo e o campesiñado tiña máis dereitos:
 - País Vasco, Navarra, Interior de Cataluña.

Apoio dos carlistas:

- Xeográficamente: lugares onde estaba máis asentado o espírito foral e o campesiñado tiña máis dereitos:
 - País Vasco, Navarra, Maestrazgo (Teruel e Castellón) e interior de Cataluña.
- Socialmente:
 - Clero, campesiñado, e pequena nobreza rural.
- Internacionalmente: Rusia, Prusia, e Austria.
- Galicia: presenza activa en Samos, Sobrado, Chantada e Santiago.

Liberais, cristinos ou isabelinos.

- Defensa de Isabel II ó trono, representada pola súa nai Cristina.
- Apoios
 - Políticos: dos liberais dende exaltados á moderados.
 - Sociais: burguesía urbana, alta nobreza, funcionarios, e fidalquía interesada en mercar bens desamortizados.
 - Xeográficos: cidades e lugares donde o campesiñado tiña menos dereitos.
 - Internacionais: Portugal, Francia, e Inglaterra.

1ª guerra carlista: 1833-39.

- Xenerales carlistas: Zumalacarregi, Cabrera, e Maroto.
- Xeneral isabelino: Espartero.
- Zumalacarregi morre no asedio a Bilbao = división entre Cabrera e Maroto.
- Maroto firma o Convenio de Vergara en 1839:
 - Rendición dos carlistas a cambio de:
 - Manter os foros do País Vasco e Navarra.
 - Integrar òs militares carlistas no exército isabelino.
- Os carlistas deixan de ser un perigo para o Estado liberal.

2- A construción do Estado liberal.

- Importante papel do exército no:
 - Cambio político.
 - Consolidación das institucións.
- Debido ó escaso poder dos partidos políticos:
 - Son partidos de notables.
 - Teñen escaso respaldo social.
- Os principais líderes políticos son militares que destacaron na loita contra o carlismo:
 - Espartero, Narváez, O'Donnell e Prim.

O exército e os pronunciamentos.

- O exército:
 - Incorporou á oficialidade membros que non eran da nobreza a partir da guerra da Independencia.
 - A partir da paz ou abrazo de Vergara incorporou oficiais carlistas.
 - Sufriu varias depuracións con Fernando VII e Isabel II.
 - As Cortes De Cádiz e o liberalismo posterior incorporaron:
 - o servizo militar obrigatorio que se podía evitar mediante:
 - Un pago en metálico: redención.
 - Pagando a outro para que o fixera: substitución.
 - Na práctica só os pobres facían o servizo = crecemento do sentimento antimilitarista.

O exército e os pronunciamentos:

- Os pronunciamentos: insurrección de oficiais que xustificaban a súa acción en nome da vontade xeral da Nación.
- Fases:
 - Preparación ou conspiración onde interviñan militares e civís.
 - Pronunciamento ou discurso arengando ás tropas concentradas por algún motivo.
 - Difusión con pronunciamentos en distintas partes do país de militares e civís destacados.
 - Se ten éxito: dimisión do goberno actual e formación doutro novo.
- Máis frecuentes os pronunciamentos liberais cos moderados.

Papel da monarquía:

- Dobre papel:
 - Símbolo da lexitimidade do cambio político.
 - Freo das transformacións liberais.
- A súa popularidade foise deteriorando progresivamente.

Alternancia de moderados e progresistas:

- Moderados ou liberais doutrinarios:
 - Moito protagonismo no s. XIX.
- Ideoloxía:
 - Soberanía compartida entre Cortes e rei.
 - Sufraxio censitario moi restrinxido (1-2% da poboación.)
 - Colaboración coa Igrexa católica e confesionalidade do Estado.
 - Limitación das liberdades de imprenta, expresión e asociación.

Alternancia de moderados e progresistas:

- Progresistas: nacidos dos exaltados do Trienio Liberal en oposición ó Estatuto Real de 1834.
- Só acceden ó poder a través dos pronunciamentos militares.
- Ideoloxía:
 - Poder lexislativo só para as Cortes.
 - Ampliación do sufraxio.
 - Separación Igrexa-Estado.
 - Ampliación de dereitos.
 - Defensa da Milicia Nacional.

Milicia Nacional e Garda Civil:

- Milicia Nacional:
 - Creada polas Cortes de Cádiz.
 - Unha en cada provincia a razón de 30 por cada 1000 habitantes.
 - Servizo de tódolos varóns de 30 a 50 anos cun máximo de 8 anos.
 - Funcionaba cando as circunstancias o requerían.
 - Apoio dos gobernos progresistas.
- Garda Civil:
 - Creada en 1844.
 - Dependente do Ministerio de Gobernación.
 - Para defender a seguridade pública.
 - Apoio dos gobernos moderados.

3- Evolución constitucional e política.

- O Estatuto Real de 1834.
- A Constitución de 1837.
- A rexencia de Espartero: 1840-1843.
- A década moderada: 1844-54.
- O Bienio progresista: 1854-56.
- Segundo período moderado: 1856-1868.
- Caída de Isabel II: 1868.

Estatuto Real de 1834.

- Intento de achegamento da rexente M^a Cristina ós liberais fronte á sublevación carlista.
- Elaborado por Martínez de la Rosa.
- É unha Carta Outorgada porque é a coroa a que cede parte dos seus dereitos á nación.
- A iniciativa lexislativa quedaba en mans do poder executivo exercido pola coroa.
- Dúas Cámaras:
 - Cámara Alta nomeada de xeito vitalicio pola coroa
 - Cámara Baixa elixida por sufraxio moi restrinxido. Funcións:
 - Aprobar os presupostos.
 - Discutir as leis presentadas polo goberno.

Constitución de 1837.

- Abolición do Estatuto Real polo motín dos Sarxentos na Granxa.
- Restablecemento da Constitución de 1812 mentras se redactaba unha nova constitución.
- Características da Constitución de 1837:
 - Soberanía nacional.
 - Ampla declaración de dereitos.
 - Bicameralismo.
 - Papel moderador da Coroa: disolver as cámaras e veto de leis.
 - Sufraxio censitario.

Goberno tras a Constitución de 1837:

- Moderado: limitou os dereitos da constitución.
- Caeu en 1840:
 - Formación de Xuntas revolucionarias en moitas cidades.
 - Sublevación da Milicia Nacional.
 - Respaldo de moitos concellos que foran privados da súa autonomía: os alcaldes das capitais de provincia pasaron a ser elixidos polo goberno e non por sufraxio coma no 1837.
- Subida ó poder de Espartero (liberal)

A rexencia de Espartero: 1840- 43.

- Subida ó poder de Espartero.
- Exilio da rexente M^a Cristina.
- Goberno autoritario de Espartero = perda de apoios.
- Caída de Espartero:
 - Lei que liberalizaba a importación de tecidos de algodón = perxudicaba ós industriais cataláns.
 - Levantamento popular en Barcelona co apoio da Milicia Nacional.
 - Bombardeo da cidade por Espartero.
- Pronunciamento moderado de Narváez apoiado por algúns progresistas.

Década Moderada: 1844-54.

- Maioría de idade de Isabel II en 1843, ós 13 anos.
- Constitución de 1845: liberal doutrinaria.
- No goberno: partido moderado con Narváez.
- Apoios:
 - Alta burguesía.
 - Sectores enriquecidos pola compra de terras desamortizadas.
 - Aristocracia latifundista.

Constitución de 1845.

- Soberanía conxunta do rei cas Cortes.
- Poder lexislativo: compartido das Cortes ca Coroa que tiña dereito de veto.
- Poder executivo: na Coroa que nomeaba os ministros.
- Sufraxio censitario.
- Senado designado pola Coroa.
- Declaración de dereitos que se remite a unha lexislación posterior.
- Relixión católica: relixión oficial do Estado que tamén mantiña o culto e o clero católico.
- Supresión da Milicia Nacional.

Líneas políticas da década moderada:

- Centralismo e uniformización:
 - Alcaldes das capitais de provincias nomeadas polo goberno.
 - Código Penal de 1848.
- Firma do Concordato ca Santa Sede en 1851:
 - Vixente con pequenas modificacións ata a 2ª República.
 - Deixaba en mans da Igrexa: a educación e a censura das publicacións.
 - Garantía un soldo ó clero regular a cambio de consentir nas desamortizacións.

O Bienio Progresista: 1854-56.

- Caída do goberno:
 - Pronunciamento militar de Vicálvaro ó mando de O'Donnell : líder dun novo partido, a Unión Liberal, partido de centro.
 - Formación de xuntas en distintas cidades.
 - Manifesto do Manzanares redactado por Cánovas:
 - Ampliación do sufraxio.
 - Liberdade de imprenta.
 - Milicia Nacional.
- A reina deu o poder ós liberais cun goberno encabezado por Espartero e con O'Donnell como ministro de Guerra.

Bienio Progresista: 1854-56.

- Goberno de coalición entre a Unión Liberal e os progresistas:
 - Lei de Desamortización Xeral de Madoz: reanudou a venda dos bens da Igrexa e iniciou a de bens comunais e municipais.
 - Lei de Ferrocarrís: dando beneficios ás empresas privadas que investisen na súa construción.
- Redacción dunha constitución progresista que non se chegou a promulgar.
- Motíns populares contra o imposto de consumos.
- Caída do goberno de Espartero.

Segundo Período Moderado: 1856-1868.

- Goberno da Unión Liberal con O'Donnell ata 1863:
 - Época de expansión económica e relativa estabilidade social.
 - Reorganización das diputacións e concellos para sometelos ó Goberno central.
 - Disolución da Milicia Nacional mantendo a Garda Civil.
 - Paralizouse a desamortización eclesiástica.
 - Continuouse ca desamortización civil.
 - Campaña militar colonialista en Marrocos:
 - Xurdemento do africanismo entre os militares.

Segundo Período Moderado: 1856-1868.

- Dimisión de O'Donnell en 1863 por enfrontamentos ca raíña.
- Sucesión de gobernos cada vez máis autoritarios e represivos:
 - Represión e exilio dos disidentes.
 - Morte de 9 estudantes na noite de San Daniel en protesta pola destitución do profesor Castelar.
 - Fusilamento de 68 militares do cuartel de San Gil implicados nun pronunciamento.
- Impopularidade da raíña rodeada de personaxes corruptos.
- Crise de subsistencias iniciada no 66.

